

Os **Criterios de avaliación** para 1º da ESO son os seguintes:

- Recoñecer as distintas manifestacións da linguaxe visual nas imaxes do contorno e clasificalas segundo a súa finalidade.
- Describir gráfica e plasticamente unha forma dada identificando os seus elementos constitutivos: configuración estrutural, textura e cor.
- Diferenciar a variedade de texturas visuais e táctiles que se poden producir con diversas técnicas e materiais.
- Describir graficamente formas identificando a súa orientación espacial e a relación entre as súas direccións.
- Representar figuras do natural mediante o encaixe e o claroscuro.
- Debuxar formas xeométricas simples nas distintas perspectivas.
- Representar con formas planas sensacións espaciais, utilizando cambios de tamaño, superposicións e contrastes.
- Representar un espazo do contorno, utilizando como recurso expresivo o contraste lumínico.
- Valorar os aspectos estéticos dos feitos artísticos contemporáneos e dos que compoñen o patrimonio cultural galego.

Os **Contidos mínimos** para 1º da ESO son os seguintes:

- Realiza-las láminas e proxectos solicitados cun acabado coidado e correcta presentación e tamén dentro da data proposta polo profesor.
- Diferencia-los fundamentos básicos gráfico-expresivos utilizando o punto, a liña e o plano.
- Representar figuras do natural mediante o claroscuro.
- Saber debuxar as diferentes formas xeométricas básicas.
- Representar con volume as formas xeométricas básicas.

Os **Contidos mínimos** para 3º da ESO son os seguintes:

- Realiza-las láminas e proxectos solicitados cun acabado coidado e correcta presentación e tamén dentro da data proposta polo profesor.
- Diferencia-los fundamentos básicos gráfico-expresivos utilizando o punto, a liña e o plano.
- Representar figuras do naturais mediante o claroscuro.
- Debuxar formas xeométricas simples.
- Diferenciar a variedade de texturas gráficas.

Os **Criterios de avaliación** para 3º da ESO son os seguintes:

1. Recoñecer os elementos visuais particulares en imaxes plásticas.

Este criterio permite coñecer se o alumnado é capaz de distinguir similitudes e diferenzas, visuais e conceptuais, entre sociedades e culturas.

2. Utilizar recursos e estratexias plásticas na realización de obras visuais.

Con este criterio se avalía se o alumnado é capaz de aplicar recursos plásticos (textura, cor, posición, ritmo,...) nas súas propias creacións.

3. Planificar e realizar produtos plásticos incorporando ó proceso de creación valores de creatividade, imaxinación e valoración crítica do propio traballo.

Mediante este criterio pretendese comprobar se o alumnado é capaz de organizar e realizar a súa obra en función duns obxectivos e valorar criticamente a súa produción, aceptando os seus erros como instrumentos de mellora.

4. Describir obxectivamente as formas aplicando as bases dos sistemas de representación.

Neste criterio tentase comprobar se o alumnado é capaz de aplicar as bases dos sistemas de representación para describir i expresar nas propias creacións.

5. Realizar obras plásticas tridimensionais, experimentando e utilizando diversidade de técnicas.

Con este criterio se avalía se o alumnado é capaz de expresarse plasticamente sobre un soporte tridimensional.

6. Utilizar procesos, estratexias e materiais do entorno audiovisual e multimedia nas propias realizacións.

Mediante este criterio pretendese saber se o alumnado é capaz de utilizar e analizar os medios tecnolóxicos como instrumentos de expresión visual, mostrando unha actitude crítica fronte ás manifestacións insolidarias, sexistas e discriminatorias.

7. Diferenciar e analizar os estilos e tendencias das artes visuais a través do tempo e recoñecer as aportacións das diferentes culturas nas manifestacións artísticas.

Este criterio pretende coñecer se o alumnado é capaz de ter actitudes críticas argumentadas e de aprecio e respecto cara as manifestacións plásticas e visuais do seu entorno a partir do coñecemento da evolución da arte, superando inhibicións e prexuizados.

8. Sistematizar un método de análise da sintaxes propia das formas visuais.

Con este criterio se avalía se o alumnado é capaz de ler imaxes a través dos elementos visuais conceptuais e relacionais, seguindo un esquema de análise sistemático.

Os **Contidos mínimos** para superar o 4º curso obter o título da ESO son os seguintes:

- Realizar as láminas e proxectos solicitados cun acabado coidado e correcta presentación e tamén dentro da data proposta polo profesor/a.

- Diferenciar os fundamentos básicos gráfico-expresivos utilizando o punto, a liña e o plano.
- Ter nocións mínimas dos diferentes materiais artísticos.
- Representar figuras do naturas mediante o claroscuro.
- Debuxar formas xeométricas simples.
- Diferenciar a variedade de texturas gráficas.
- Representar un espazo por medio da perspectiva.
- Realizar correctamente as vistas no sistema diédrico.
- Dominar os contidos teóricos da cor e a posta en práctica das súas variacións.
- Ter nocións dos feitos artísticos contemporáneos mais sobresaíntes.
- Coñecer e valorar o patrimonio cultural galego.

Os **Criterios de avaliación** para 4º da ESO son os seguintes:

1. Tomar decisións especificando os obxectivos e as dificultades, propoñendo diversas opcións e avaliar cal é a mellor solución.  
Este criterio pretende coñecer se o alumnado adquire habilidades para seres autónomo, creativo e responsable no traballo.
2. Empregar recursos informáticos e novas tecnoloxías no campo da imaxe fotográfica, o deseño gráfico, o debuxo asistido por ordenador e a edición vídeo-gráfica.  
Este criterio pretende avaliar se o alumnado é capaz de empregares diversidade de ferramentas da cultura actual relacionadas coas tecnoloxías de información e a comunicación para realizares as súas propias creacións.

3. Colaborar na realización de proxectos plásticos que comportan unha organización de forma cooperativa.

Mediante este criterio preténdese comprobar se o alumnado é capaz de elaborar e participar, activamente, en proxectos cooperativos aplicando estratexias propias e adecuadas da linguaxe visual.

4. Realizar obras plásticas experimentando e empregando diversidade de técnicas de expresión gráfico-plástica (debuxo artístico, volume, pintura, gravado...).

Neste criterio inténtase comprobar se o alumnado coñece distintos tipos soportes e técnicas bidimensionais (materias pigmentarias e gráficas) y tridimensionais (materiais de refugallo e modelables).

5. Empregar a sintaxe propia das formas visuais do deseño e a publicidade para realizar proxectos concretos.

Con este criterio trátase de comprobar se o alumnado é capaz de distinguiren nun obxecto simple ben deseñado os seus valores funcionais unidos ós estéticos (proporción entre as súas partes, cor, textura, forma, etc...).

6. Elaborar obras multimedia e producións vídeo-gráficas empregando as técnicas adecuadas ó medio.

Este criterio pretende avaliar se o alumnado é capaz de recoñecer-los procesos, as técnicas e os materiais empregados nas linguaxes específicas fotográficas, cinematográficas e vídeo-gráficas (encadres, puntos de vista, trucaxes...).

7. Describir obxectivamente as formas, aplicando sistemas de representación e normalización.

Con este criterio avalíase se o alumnado é capaz de representa-la realidade tal e como a ve sobre un soporte bidimensional mediante representacións que non requiren operacións complicadas no seu trazado. Avaliarase a

corrección no trazado xeométrico dos elementos empregados, a súa adecuada relación entre distancia e tamaño e a súa posición no espazo.

8. Ler, analizar e valorar criticamente imaxes, obras e obxectos dos entornos visuais (obras de arte, deseño, multimedia...).

Este criterio pretende coñecer se o alumnado é capaz de teres actitudes críticas e de aprecio e respecto cara as manifestacións plásticas e visuais do seu entorno, superando inhibicións e prexuizos.

9. Realizar obras plásticas partindo de distintas fontes de referencia (natural, o recordo, a imaxinación ou a fantasía).

Este criterio pretende avaliar se o alumnado é capaz de realizares observación sistemática do seu entorno e aplicala, posteriormente, na súa obra plástica.

10. Emprega-los recursos plásticos e visuais como forma de expresión de sentimentos e ideas.

Mediante este criterio preténdese saber se o alumnado é capaz de expresárense mediante a linguaxe visual e plástica.

## **PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DE EPV NA ESO.**

Valoración de todos os traballos realizados, tanto probas e bocetos como traballos definitivos.

E conveniente que os traballos sexan analizados e comentados persoalmente cos seus autores, da maneira mais inmediata posible a súa realización, facendo ver os logros conseguidos, en función das metas propostas e o punto de partida dos seus coñecementos. Este proceso de reflexión sobre a acción garante, que se elaboren tamén

procesos intelectuais, reflexionando sobre a práctica, executando o resultado material.

Por suposto, debemos manter unha actitude expectante que nos leve a observar e controlar o traballo diario, facendo anotacións, observacións e recollendo datos o respecto.

Todo isto ha de ser completado cun cambio de impresións co propio alumno e co resto da clase, onde se avalíe o rendemento persoal e colectivo.

### **Criterios de cualificación.**

Os criterios de cualificación da materia de Educación Plástica Visual, nos diferentes niveis, serán o resultado dos dous apartados que se indican a continuación coa valoración proporcional que se indica.

Os exercicios non presentados serán valorados cunha puntuación de cero.

-Valoración dos exercicios: 60%.

-Valoración da proba de avaliación: 20%.

-Valoración do comportamento do alumno na clase: 20%.

Será obrigatorio presentar todos os traballos propostos polo profesor, e a súa entrega realizarase na data sinalada. Aqueles traballos que sexan entregados con posterioridade o día sinalado, verán penalizada a cualificación con dous puntos menos.

### **PROCEDIMIENTO E ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN.**

O alumno deberá realizar traballos similares os das unidades didácticas non superadas. Farase unha proba final, onde poderá recuperar as avaliacións suspensas, non existindo recuperación da 3ª avaliación. Se o alumno suspende esta, deberá presentarse en setembro con toda a materia do curso.

### **Proba extraordinaria de Setembro.**

Na proba de setembro, o alumno deberá realizar unha proba similar os realizados durante o curso e presentar unha serie de traballos propostos polo Departamento. A proba contabilizará un 60% e os traballos un 40%. A non presentación dos traballos imposibilita a corrección da proba realizada.

### **Alumnos coa materia pendente.**

Os alumnos que teñan pendente a materia de Educación Plástica Visual, deberán entregar na data proposta polo Departamento os traballos de modelos, coas técnicas requiridas polo profesor, no cal aparecerán todos os elementos aprendidos durante o curso anterior. Ademais deberán realizar unha proba na que os contidos son a totalidade da materia do curso pendente. A proba contabilizará un 60% e os traballos un 40% da nota acadada, sendo obrigatorio a presentación dos traballos para a realización da proba.

## **CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DEBUXO ARTÍSTICO BACHARELATO**

### **Criterios de avaliación.**



- Utilizar con propiedade a terminoloxía específica correspondente ós distintos contidos da materia, así como os procedementos e materiais mais adecuados.
- Describir graficamente obxectos do contorno, distinguindo neles elementos básicos da configuración da súa forma (liñas e planos, tanto vistos como ocultos).
- Realizar debuxos de formas naturais con carácter descritivo e modificalas posteriormente con intencións comunicativas diversas.
- Representar graficamente diferentes aparencias dun mesmo obxecto ocasionadas pola súa distinta orientación respecto o punto de vista perceptivo.
- Realizar representacións plásticas de formas sinxelas utilizando procedementos e técnicas cromáticas, atendendo ás modificacións da cor producidas pola incidencia de distintos tipos de luz.
- Representar graficamente un conxunto de volumes xeométricos e naturais e describir a disposición dos elementos entre si, atendendo ás proporcións e ás deformacións perspectivas.
- Describir graficamente o esencial das formas observadas brevemente con anterioridade mediante definicións lineais claras e explicativas.
- Realizar estudos gráficos da figura humana atendendo principalmente a relación de proporcións e a expresividade do movemento.
- Representación graficamente , en bocetos ou estudos ,aspectos do entorno da aula, do edificio do Centro, entorno urbano e exteriores naturais , a fin de conseguir expresar termos espaciais e efectos perspectivados de profundidade, así como valoración de proporcións e contrastes luminicos.

## **Procedementos de avaliación.**

Valoración de todos os traballos realizados, tanto probas e bocetos como traballos definitivos.

E conveniente que os traballos sexan analizados e comentados persoalmente cos seus autores, da maneira mais inmediata posible a súa realización, facendo ver os logros conseguidos, en función das metas propostas e o punto de partida dos seus coñecementos. Este proceso de reflexión sobre a acción garante, que se elaboren tamén procesos intelectuais, reflexionando sobre a práctica, executando o resultado material.

Por suposto, debemos manter unha actitude expectante que nos leve a observar e controlar o traballo diario, facendo anotacións, observacións e recollendo datos o respecto.

Todo isto ha de ser completado cun cambio de impresións co propio alumno e co resto da clase, onde se avalíe o rendemento persoal e colectivo.

## **Criterios de cualificación.**

Os criterios de cualificación da materia de Debuxo Artístico II, serán o resultado dos dous apartados que se indican a continuación coa valoración proporcional que se indica.

Os exercicios non presentados serán valorados cunha puntuación de cero.

-Valoración dos exercicios: 50%.

-Valoración da proba de avaliación: 30%.

-Valoración do comportamento do alumno na clase: 20%.

Será obrigatorio presentar todos os traballos propostos polo profesor, e a súa entrega realizarase na data sinalada. Aqueles traballos que sexan entregados con posterioridade o día sinalado, verán penalizada a cualificación con dous puntos menos.

## **PROCEDIMENTO E ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN.**

O alumno deberá realizar traballos similares os das unidades didácticas non superadas. farase unha proba final, onde poderá recuperar as avaliacións suspensas, non existindo recuperación da 3ª avaliación. Se o alumno suspende esta, deberá presentarse en setembro con toda a materia do curso.

### **Proba extraordinaria de Setembro.**

Na proba de setembro, o alumno deberá realizar unha proba similar os realizados durante o curso e presentar unha serie de traballos propostos polo Departamento. A proba contabilizará un 60% e os traballos un 40%. A non presentación dos traballos imposibilita a corrección da proba realizada.

### **Alumnos que perdan o dereito a avaliación continua.**

O alumno, por acumular un número de faltas sen xustificar pode perder o dereito a avaliación continua. Se e así, poderá presentarse a proba final con toda a materia e presentar o día da proba os traballos que previamente se lle propoñan dende o Departamento. O igual que na proba de Setembro, a proba contabilizará un 60% e os traballos un 40%, sendo obrigatorio a presentación dos traballos para a realización da proba.

### **Alumnos coa materia pendente.**

Os alumnos que teñan pendente a materia de Debuxo Artístico I, deberán entregar na data proposta polo Departamento os traballos de modelos, coas técnicas requeridas polo profesor no cal aparecerán todos os elementos aprendidos durante o curso anterior:

- Encaixe.
- Proporción.
- Volume.
- Composición

## **CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN**

### **DEBUXO TÉCNICO (1º e 2º de Bacharelato)**

#### **Criterios de avaliación.**

- Resolver problemas xeométricos nos que interveñan puntos, liñas ou polígonos seguindo métodos racionais.

- Manexar as escalas gráficas e numéricas con destreza, sendo capaz de pasar dunas a outras e de relacionalas coa realidade.
- Resolver problemas de tanxencia amosando tanto a súa comprensión conceptual como a súa execución gráfica precisa.
- Construír un sólido poliédrico partindo das súas vistas.
- Representar as vistas e/ou seccións dun obxecto a partir dunha axonometría e viceversa.
- Aplicar o sistema de representación e recursos gráficos mais axeitados á realidade que se pretende representar

### **Procedementos de avaliación.**

Valoración de todos os traballos realizados, tanto probas como traballos definitivos.

E conveniente que os traballos sexan analizados e comentados persoalmente cos seus autores, da maneira mais inmediata posible a súa realización, facendo ver os logros conseguidos, en función das metas propostas e o punto de partida dos seus coñecementos. Este proceso de reflexión sobre a acción garante, que se elaboren tamén procesos intelectuais, reflexionando sobre a práctica, executando o resultado material.

Por suposto, debemos manter unha actitude expectante que nos leve a observar e controlar o traballo diario, facendo anotacións, observacións e recollendo datos o respecto.

Todo isto ha de ser completado cun cambio de impresións co propio alumno e co resto da clase, onde se avalíe o rendemento persoal e colectivo.

## **Criterios de cualificación.**

Os criterios de cualificación da materia de Debuxo Técnico I, serán o resultado dos dous apartados que se indican a continuación coa valoración proporcional que se indica.

Os exercicios non presentados serán valorados cunha puntuación de cero.

-Valoración dos exercicios: 15%.

-Valoración da proba de avaliación: 75%.

-Valoración do comportamento do alumno na clase: 10%.

Será obrigatorio presentar todos os traballos propostos polo profesor, e a súa entrega realizarase na data sinalada. Aqueles traballos que sexan entregados con posterioridade o día sinalado, verán penalizada a cualificación con dous puntos menos.

## **PROCEDIMIENTO E ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN.**

O alumno deberá realizar traballos similares os das unidades didácticas non superadas. Farase unha proba final, onde poderá recuperar as avaliacións suspensas, non existindo recuperación da 3ª avaliación . Se o alumno suspende esta, deberá presentarse en setembro con toda a materia do curso.

## **Proba extraordinaria de Setembro.**

Na proba de setembro, o alumno deberá realizar unha proba similar as realizadas durante o curso e presentar a totalidade de

traballos propostos neste nivel durante o curso e que non teña realizado. A proba contabilizará un 85% e os traballos un 15%. A non presentación dos traballos imposibilita a corrección da proba realizada.

### **Alumnos que perdan o dereito a avaliación continua.**

O alumno, por acumular un número de faltas sen xustificar pode perder o dereito a avaliación continua. Se e así, poderá presentarse a proba final con toda a materia e presentar o día da proba os traballos que previamente se lle propoñan dende o Departamento. O igual que na proba de Setembro, a proba contabilizará un 85% e os traballos un 15%, sendo obrigatorio a presentación dos traballos para a realización da proba.